

Eco e Narciso

Nun val verde e escondido vivía Eco, unha ninfa alegre que adoraba falar e cantar. A súa voz era tan melodiosa que todos os animais se achegaban a escoitala . Pero un día pero desobedecer á deusa Hera, foi castigada: só puido repetir as últimas palabras que oputros dicían e xa non podía falar por si mesma.

Triste, Eco agachouse nos bosques, observando o mundo en silencio. Cando coñecía a alquén só podía repetir o que lle dicían.

Unha mañá mentres exploraba una fonte clara, viu un mozo tan fermoso que o corazón lle deu un salto. Era Narciso, que pasaba os días mirándose no río, fascinado polo propio reflexo. Eco quixo achegarse e falar, pero só puido repetir:

-moi hermoso...

Narciso, sin darse conta, respodeu con desprezo:

-Quen fala de min? Afástase...

Nsrciso, sen reparar nela, volveu inclinarse sobre a auga. Ficou tan fascinado polo seu propio reflexo que xa non pensaba en nada máis. Día tras día permaneceu alí, namorado dunha imaxe que nunca podía abrazar, ata que o seu corpo se foi debilitando.

Os deuses, compadecidos, tranformárono nunha amarela que nace xunto ás fontes: o narciso.

Eco, incapaz de esquecer ao mozo e condenada a repetir só as últimas palabras alleas, esvaeuse lentamente. Só quedou a súa voz, que aínda hoxe responde desde as montañas e vales cando alguén chama: o eco.

Gerónimo Rodríguez Patiño